

Vítimas da Guerra Civil e o Franquismo, constituída polo Real decreto 1891/2004, do 10 de setembro.

Disposición adicional segunda.

O Goberno, a través da Fábrica Nacional de Moeda e Timbre, promoverá a emisión de selos e signos de franqueo conmemorativos, para a elaboración dos cales se facilitará a participación da sociedade.

Disposición adicional terceira.

O Ministerio de Cultura, en colaboración coas comunidades autónomas, velará pola edición e incorporación ás bibliotecas da súa competencia de libros e vídeos pedagóxicos sobre a recuperación da memoria histórica da Segunda República, a represión da ditadura franquista e a loita polas liberdades. Garantírase a promoción de materiais realizados en todas as linguas oficiais do Estado.

Disposición derradeira.

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 7 de xullo de 2006.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO E COMERCIO

12312 *ORDE ITC/2193/2006, do 5 de xullo, pola que se modifica a Orde ITC/1201/2006, do 19 de abril, pola que se determina a forma de remisión de información ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, sobre as actividades de subministración de produtos petrolíferos. («BOE» 162, do 8-7-2006.)*

O Real decreto 1554/2004, do 25 de xuño, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, no seu artigo 1, asigne a este departamento ministerial a elaboración e execución da política enerxética do Goberno. Pola súa parte, o artigo 4 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, atribúelles aos ministros o exercicio da potestade regulamentaria nas materias propias do seu departamento.

O 26 de abril de 2006 publicouse no «Boletín Oficial del Estado» a Orde do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio ITC/1201/2006, do 19 de abril, pola que se determina a forma de remisión de información ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, sobre as actividades de subministración de produtos petrolíferos.

Co obxecto de facilitar o cumprimento das obrigas incorporadas á devandita orde considérase conveniente ampliar o prazo de entrada en vigor en tres meses adicionais. Con igual finalidade modifícanse os puntos relativos

ao prazo para o envío da información periódica de prezos e a información acumulada correspondente ao ano 2005. Na súa virtude dispoño:

Artigo único. Modificación da Orde ITC/1201/2006, do 19 de abril, pola que se determina a forma de remisión de información ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, sobre as actividades de subministración de produtos petrolíferos.

A Orde ITC/1201/2006, do 19 de abril, pola que se determina a forma de remisión de información ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, sobre as actividades de subministración de produtos petrolíferos, queda modificada como segue:

Un. Modifícase o artigo 6.1, que queda redactado da seguinte maneira:

«1. A información a que fai referencia o artigo 5 remítase de acordo co formato do anexo I.1.1 todos os luns ou día hábil posterior no suposto de ser festivo e cando se produza un cambio, cunha anticipación máxima de 3 días respecto á data de aplicación dos novos prezos e, como mínimo, unha hora antes da súa aplicación efectiva.»

Dous. Modifícase a disposición adicional segunda, que queda redactada nos seguintes termos:

«Disposición adicional segunda. *Envío de información anual e mensual inicial.*

Antes de transcorreren 10 días desde a entrada en vigor desta orde, os suxeitos obrigados conforme o disposto no artigo 3 remitirán os datos anuais correspondentes ao ano 2005, así como os datos mensuais correspondentes aos meses de 2006 xa transcorridos, que se refiran só e exclusivamente a cantidades ou volumes de produtos vendidos, nos formatos especificados nos correspondentes anexos.»

Tres. Modifícase a disposición derradeira cuarta, que queda redactada do seguinte modo:

«Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor transcorridos seis meses desde a súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 5 de xullo de 2006.—O ministro de Industria, Turismo e Comercio, José Montilla Aguilera.

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

12313 *ORDE APA/2194/2006, do 6 de xullo, pola que se establece o prazo de presentación das solicitudes de autorización de cesións temporais de cota láctea no período 2006/2007. («BOE» 162, do 8-7-2006.)*

O Real decreto 347/2003, do 21 de marzo, polo que se regula o sistema de xestión de cota láctea, é a norma pola